

XXIV Feira histórica ARTEIXO 1900



COUSAS. DE ALDEA


Un retrato do Arteixo de 1900 na ollada de Castelao

17 · 18 · 19 OUTUBRO 2025
ANO CASTELAO


ORGANIZA:

Arteixo / Cultura

COLABORAN:



XXIV Feira histórica ARTEIXO 1900



COLABORAN:

Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación
Concellaría de Maiores, Actividades Sociais e Participación Cidadá
Servizos de Seguridade Cidadá · AC Faíscas · AC Palilleiras e Punto de Arteixo
AC Triskell · AC Tropicalia · ASC Mariana de Arteixo · Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo · AC Lisistrata · AVV Alto de Arteixo · Melandrainas Asociación Teatral · AVV Pedra da Salsa de Barrañán · AVV Ría de Rañobre · AVV San Esteban de Larín · AVV Sto. Tomás de Monteagudo · AVV Praia de Alba · AX Xiradela Banda de Música Santiago de Arteixo · Orfeón de Arteixo · Xabier Maceiras

PUNTO VIOLETA

"Por unha feira libre de violencia sexista".

Venres e sábado das 22:30 ás 2:30 h na Praça do Balneario

NOTA ACLARATORIA

No caso de choiva, algunhas das actividades poderían trasladarse de ubicación.

+ INFO SM de Cultura | Centro Cívico Cultural de Arteixo Manuel Murguía
Paseo Fluvial s/n | 981 659 100 | cultura@arteixo.org | www.arteixo.org

"Camiño esquecido que xa non vai a ningures. Un camiño calzado de pedra, inzado de silvas ensarilladas e de ortigas arnales, que se perde na boca moura dunha congostra" Castelao

Sinal de identidade da paisaxe galega e expresión da devoción popular, os **cruceiros** eríxense en encrucilladas, xunto a igrexas ou cemiterios. Castelao dicía que eran "un perdón do ceo" erguido para expiar un pecado. Con **máis de 12.000 en Galicia** (uns vinte en Arteixo), tamén se lles atribúe a **protección dos viaxeiros**. En **Arteixo 1900** non podía faltar o seu cruceiro.

Coincidindo co **75º aniversario** do seu pasamento, rendemos homenaxe a **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** (Rianxo 1886-Bos Aires 1950), figura esencial da cultura galega. Membro da **Xeración Nós**, foi **narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político**. Estudou medicina, mais admitía: "fixenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade".

A aldea galega inspirou boa parte da súa obra. En **Cousas** (1926) retratou con humor e realismo a vida de labregos, mariñeiros, emigrantes, cegos ou pobres, reflectindo a realidade socioeconómica do país. Alí aparecen descrições que poderían corresponder ás parroquias arteixás, coa pedra, o fume, os tellados de tella e a vexetación envolvente. Un exemplo é o relato da "Marquesiña", nena pobre á que chaman con ironía polo título nobiliario.

A **relación de Castelao con Arteixo vén da man de Picadillo**, a quen coñeceu no xornal El Noroeste e para quen fixo unha caricatura situada no Pazo de Anzobre, centro cultural da época que Castelao visitou. Tamén se conserva lembranza dunha foto súa en Anzobre e dunha imaxe cos dous amigos en Vida Gallega. Outra figura vinculada era

Antonio Rey Soto, crego e escritor que frecuentaba o balneario e que casou a Castelao con Virxinia Pereira en 1912.

Un camiño esquecido lévanos tamén ao Caión dos anos 40-50. Tras un desprendemento de retina en 1914, Castelao estivo baixo tratamento do oftalmólogo e amigo Ángel Varela Santos, con quen mantivo forte amizade. Un dos seus cadros chegou a Caión, onde o fillo de Varela, Luis, exerceu como médico na posguerra.

A súa **faceta artística**, ás veces agochada tras a literatura e a política, deixou **debuxos que forman parte do subconsciente galego**, algúns deles converténdose en auténticos símbolos. **Fagamos con el este camiño esquecido que nos leva ata o Arteixo de 1900!**



Caricatura de Picadillo
debuxo de Castelao

VENRES · 17

17:00 h Apertura do Mercado 1900
| Paseo fluvial e Prazas do
Balneario e dos Baños

"A cativada do novo
século". Comparsa infantil
e contacontos | Paseo
fluvial e Cúpula do parque

17:30 h Xogos populares 1900:
bolos, corda e mariola
coa AVV ALTO DE
ARTEIXO | Anfiteatro

18:00 h Charanga O PAPORRUBIO
con "Transhumancia
sonora" | Recinto feiral

19:30 h Obradoiro de son cubano
coa AC TROPICALIA
| Anfiteatro

20:30 h "As R(h)umorosas" de
ETIQUETA NEGRA. María
Pita, Rosalía de Castro e
Isabel Zendal baixarán do
retrato para facer comedia
| Auditorio do CCC de
Arteixo Manuel Murguía

CONCERTOS | Praza do Balneario

22:30 h DE VACAS
00:00 h CATUXA SALOM

SÁBADO · 18

11:00 h Apertura do Mercado 1900
| Paseo fluvial e Prazas do
Balneario e dos Baños

Todo
o día XIII Encontro da AC
PALILLEIRAS E PUNTO
| Paseo fluvial

12:00 h "Ultramarinos de antano":
produtos, aromas e
historias. AVV locais
| Paseo fluvial

"Cousas de aldea".
Inauguración da Feira
con OS VIQUEIRAS con
acompañamento dos Grupos
"Arteixogo" do Programa
de familias | Entrada
principal do Paseo fluvial

12:00 h "A vociferante da Baiuca co
seu silabario de aldea".
AC LISÍSTRATA | Anfiteatro

13:00 h "A Lareira", fume e
tradición. AVV SANTA
LOCAIA | Paseo fluvial

13:30 h "As leiteiras da Baiuca",
representación do grupo de
ambientación do centro de
Maiores A Baiuca
| Praza do Balneario

"Como está o mercado",
animación de rúa
con MELANDRAINAS
ASOCIACIÓN TEATRAL
| Praza do Balneario

14:30 h Sesión vermú con
AS CANTAREIRAS
DE XACARANDAINA
| Praza do Balneario

17:00 h Gran xincana infantil
"Os xogos do Paporrubio"
| Paseo fluvial

17:30 h "Aldeadas": lanzamento
de marco, carreta o leite,
carreira de carretillas,
espeta a estaca, tiro
da corda, sacude a
castaña. CCA.

Campionato de xogos
populares por equipos
(adultos/as) con inscrición
previa | Campo da Igrexa

18:00 h "A Pizarracleta" fonoteca
ambulante dos IRMÁNS
PIZZARRAGA | Paseo fluvial

18:30 h "Música na aldea" do ORFEÓN
DE ARTEIXO e a BANDA
DE MÚSICA SANTIAGO DE
ARTEIXO | Anfiteatro

19:00 h "Cantos de taberna"
da AC TRISKELL.
| Paseo fluvial e
Praza dos Baños

19:30 h "Un paseño no día
da festa", concurso e
desfile de época. Con
inscrición previa. CCA.
| Avda. do Balneario

22:00 h "Cea baile 1900"
amenizada pola
orquestra RITMO
| Pazo dos Deportes

CONCERTOS | Praza do Balneario

22:30 h OS DO FONDO DA BARRA

00:00 h A QUINKILLADA

01:30 h LERIA

DOMINGO · 19

11:00 h Apertura do mercado 1900
| Paseo fluvial e Prazas do
Balneario e dos Baños

11:00 h Obradoiros "Saberes
da Aldea". Con inscrición
previa. CCA.
| Praza do Balneario

"Elaboración tradicional
de manteiga"

"Uso e recoñecemento de
herbas medicinais galegas"

"Iniciación á cestería"

11:30 h Obradoiro infantil
"Estampas de Castelao"
| Paseo fluvial

12:00 h Foliada e pasarrúas da
man da Escola de Música
ENTRESONS. CCA.
| Praza do Balneario

13:00 h "AX XIRADELA de ruada",
canto e baile tradicional
para festexar o remate
da Esfolla | Anfiteatro

14:00 h Sesión vermú con
ABEL MALLO
| Praza do Balneario

16:30 h "Muiñada" polo
grupo GALEATRO
| Anfiteatro

17:00 h Obradoiro infantil:
"Estampas de Castelao"
| Paseo fluvial

17:30 h "Xograría, contos arredor da
terra" de ALBA DE VALES
| Praza do Balneario

18:00 h "Baile de acordeón"
coa AC MARIANA
| Praza da Igrexa

19:00 h "Contos de lareira"
coa AC FAISCAS
| Paseo fluvial

SUXESTIÓNS

UTILICE O SERVIZO DE
ALUGUER DE TRAXES:

Sala dos Espellos do
Centro Cívico Cultural de
Arteixo Manuel Murguía
do luns 13 ao sábado 18
de outubro en horario
de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00 h.
Devolución da roupa o luns 20 de
09:00 a 15:00 e de 16:00 a 20:00 h.

VISITE
A EXPOSICIÓN:

Fotografías e obxectos antigos
da AXPA, na Sala de Exposicións
do CCC de Arteixo Manuel
Murguía, do 10 ao 19 de outubro.

ONDE COMER:

Taberna de Picadillo
(Cúpula do parque)
Furancho (Praza dos Baños)
Postos de alimentación
(Mercado 1900)

MERQUE AS ENTRADAS PARA A
CEA 1900 (maiores de 12 anos)
PREZO: 25 €

Despacho de billetes do Centro Cívico
Cultural de Arteixo Manuel Murguía
do luns 13 ao sábado 18
de outubro en horario de
11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h
(o sábado esténdese ata ás
21:00 h no CCC e de 21:30
a 22:30 h no Pazo dos Deportes).

INSCRÍBASE NAS ALDEADAS,
NO DESFILE E NOS OBRADOIROS
SABERES DE ALDEA

Algunhas das actividades están
dirixidas a maiores de 18 anos.
<https://xestion.ccaarteixo.com/>

